



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01

Programación da materia de REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO (GUITARRA)

CURSO 2020-2021





Índice

1	Tabla de contidos	
2	Introdución	4
2.1	Marco Legal	4
2.2	Características do centro	5
2.3	Características do alumnado	5
3	Adaptación programación - COVID19	6
3.1	Avaliación inicial - COVID19	6
3.2	Aprendizaxes non adquiridas durante o curso 2019-2020 - COVID19	6
3.3	Non presencialidade no centro - COVID19	6
3.4	Actividades de reforzo e recuperación - COVID19	7
3.5	Docencia de proximidade – Protocolo COVID19	7
4	Metodoloxía	8
5	Atención á diversidade	8
6	Temas transversais	8
6.1	Educación en valores	8
6.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	9
6.3	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	9
7	Secuenciación dos cursos	10
7.1	Curso: 5º de Grao Profesional	10
7.1.1	Obxectivos	10
7.1.2	Contidos	10
7.2	Avaliación	11
7.2.1	Criterios de avaliación	11
7.2.2	Mínimos esixibles	11
7.2.3	Procedementos e ferramentas de avaliación	11
7.2.4	Criterios de cualificación	12
7.3	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	12
7.4	Medidas de recuperación	13
7.5	Procedementos de recuperación ordinarios	13
7.6	Probas extraordinarias de setembro	13
7.7	Recursos didácticos	13
7.8	Curso: 6º de Grao Profesional	14
7.8.1	Obxectivos	14
7.8.2	Contidos	14
7.9	Avaliación	15
7.9.1	Criterios de avaliación	15
7.9.2	Mínimos esixibles	15
7.9.3	Procedementos e ferramentas de avaliación	15
7.9.4	Criterios de cualificación	16
7.10	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	16



7.11	Medidas de recuperación.....	16
7.12	Procedementos de recuperación ordinarios.....	16
7.13	Probas extraordinarias de setembro.....	17
7.14	Recursos didácticos.....	17
8	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	18
9	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	18
10	ANEXOS.....	19
10.1	Probas de acceso a 6º curso de grao profesional.....	19
10.2	Criterios para a obtención do Premios Fin de Grao.....	19



2 Introducción

2.1 Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.

DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.

ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.

DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.

CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

ORDE EFP/365/2020, do 22 de abril, publicada polo Ministerio de Educación y Formación Profesional estableceuse o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021 debida a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. Polas competencias atribuídas en materia de educación á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, publicouse a Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020.



ORDE EFP/561/2020, de 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e desenvolvemento do curso 2020-2021, e Resolución conxunta das consellerías de educación, universidade e formación profesional e de sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia.

2.2 Características do centro

A cidade de Santiago de Compostela conta na actualidade no seu ámbito musical cunha orquestra sinfónica profesional, a Real Filarmonía de Galicia, cun nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte cunha programación musical estable. Conta tamén coa Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso e con moita luz, pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de Grao Elemental e Profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

2.3 Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven persoas de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno máis próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno máis afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable máis, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

A especialidade de Guitarra trata de desenvolver os aspectos técnicos e musicais propios deste instrumento co fin de facilitar os medios para que o o/a alumno/a adquira o nivel profesional e dotalo/a de recursos suficientes para se encamiñar ao Grao Superior.

Dentro desta especialidade, a materia de Repentización e Acompañamento, que se imparte nos cursos quinto e sexto de Grao Profesional, supón a necesidade de relacionar coñecementos, habilidades e destrezas que ata o momento foron tratados en materias diferentes: instrumento, harmonía, análise ou linguaxe musical. Este é o momento de buscar os puntos de conexión que hai entre elas e traballalos nunhas sesións que serán fundamentalmente de carácter práctico.



Os eixos fundamentais nos que se basea a presente materia son os seguintes. En primeiro lugar procúrase obter unha capacidade mínima de lectura á primeira vista en todos aqueles contextos en que é necesaria para un músico profesional. En segundo lugar traballaranse aspectos que teñen que ver co acompañamento, as súas pautas, estratexias, técnicas e estilos. E o terceiro eixo é a improvisación: unha iniciación entendida como aplicación dos coñecementos harmónicos e analíticos asimilados ata o momento.

Sobre a consulta deste documento, hai que ter en conta que hai certa información de carácter xeral que ten o seu propio epígrafe, tal e como pode consultarse no índice, mentres que outra información, de carácter máis específico, aparece distribuída segundo o curso que corresponda: secuenciación, obxectivos, contidos, mínimos esixibles, criterios de cualificación, procedementos e ferramentas de avaliación ou actividades de recuperación.

3 Adaptación programación - COVID19

O estado de alarma sanitario a nivel estatal supuxo a suspensión de xeito presencial dende marzo de 2020 da actividade de guitarra pasando todo o departamento a un modelo de educación a distancia según o Real Decreto 463/2020. Os profesores de guitarra coordináronse medios privados e públicos para garantir a aprendizaxe do alumnado fóra do ámbito escolar e dentro da súa propia autonomía pedagóxica e de xestión estableceron mediante videoconferencia ou pola aula virtual do centro a mellor forma de comunicarse co alumnado e as familias según a á situación vivida.

3.1 Avaliación inicial - COVID19

Os profesores de guitarra farán unha avaliación inicial a comezo do curso donde se revisarán os informes de avaliación individualizados do curso anterior para detectar aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no ano pasado.

Esta avaliación individual do alumnado serve para dotar o profesor da situación real do estudante de guitarra coñecendo persoalmente a súa situación emocional fronte o curso 20/21. Os docentes deberán detectar si o alumnado de guitarra ten os medios necesarios para unha posible actividade lectiva semi-presencial ou non presencial.

3.2 Aprendizaxes non adquiridas durante o curso 2019-2020 - COVID19

Atendendo á situación vivida durante o curso académico anterior os profesores de guitarra, unha vez feita a avaliación inicial, indicarán no libro de aula de cada alumno os contidos non acadados no curso anterior e que deberán ser traballados neste curso tratando de facer unha secuenciación da forma máis eficiente para contribuir a unha axeitada transición entre os contidos non dados e os propios deste curso académico según a dinámica de traballo de cada alumno.

3.3 Non presencialidade no centro - COVID19

Ante unha posible novo confinamento o departamento de guitarra contempla unha situación de non presencialidade segundo o contexto sanitario similar a marzo de 2020 don de as clases se farán dende o centro por videoconferencia e no caso da asignatura de conxunto podaríase contemplar unha rotación grupal cun número todavía mas reducido de alumnos ou por multiconferencia se as condicións do wifi do centro soporta mais de 10 alumnos conectados simultaneamente. Non contemplamos contidos específicos para a nosa ensinanza non presencial porque o repertorio de guitarra clásica poden



ensinarse perfectamente de xeito telemático especialmente se o alumno dispón de ethernet de alta calidadee. No caso de que o alumno non teña unha conexión rápida a internet que poida garantir unha calidade de son e video para clases en directo os alumnos gravarán coa súa cámara web localmente as obras a interpretar e as enviarán por sistemas de transferencia de arquivos pesados con un enlace de descarga. O profesor poderá, via email, chat ou o sistema mais eficaz seguen a velocidade de conexión facer as correccións que sexan necesarias para o progreso do alumno.

3.4 Actividades de reforzo e recuperación - COVID19

Os profesores de guitarra teñen no seu horario algunhas horas para actividades de reforzo e recuperación para solucionar as carencias nas aprendizaxes que por mor da situación de marzo de 2020 puidesen producirse na progresión de algún alumno. Durante esas clases proponanse exercicios que cubran aspectos do currículo perdidos durante o confinamento.

3.5 Docencia de proximidade – Protocolo COVID19

Os alumnos e profesores de guitarra deberán manter unha distancia mínima de 1,5 metros e no caso de impartir música de cámara con algún instrumento de vento de 2 metros.

Antes de comezar, cada alumno e profesor deberá realizar un lavado de mans con xel hidroalcohólico.

As clases de guitarra teñen marcadas no chan sinais de distancia entre profesor e alumno que non poden ser rebasadas en ningún momento.

O alumnado e o profesorado deberá empregar máscaras de protección.

Non se pode compartir guitarra.

Os profesores non podrán limar as uñas dos alumnos.

O alumno e profesor terán copias distintas das partituras.

Está prohibido usar os percheros das clases, compartir papeis, afinar o instrumento do alumno ou cal quer situación docente de proximidade que implique romper a distancia de seguridade de 1,5 metros entre alumno e profesor ou incumpra algún dos protocolos de seguridade da orde EFP/561/2020 de 20 de xuño de 2020 nin da orde de aspectos específicos das ensinanzas nos conservatorios de Galicia.

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/instruccion_rexime_especial_20-21.pdf



4 Metodoloxía

A materia Repentización e Acompañamento pode ser un bo exemplo de aplicación da aprendizaxe significativa, pois case inevitablemente ten como punto de partida unha recuperación de todos os coñecementos que o alumno ou alumna foi adquirindo en cursos anteriores para organizalos e poñelos en práctica de xeito que, segundo se van adquirindo destrezas, se vai mellorando tamén a visión de conxunto e a visión integradora do discurso musical. É por iso que o carácter transversal se manifesta máis claramente nesta materia.

As clases de repentización, nas que o/a docente traballa de maneira individualizada durante media hora semanal, e que se complementan coas clases de instrumento e de cámara, permiten un alto grao de flexibilidade e adaptación ao ritmo e ás características de cada persoa. Isto é un dos pilares fundamentais das ensinanzas musicais en calquera dos niveis.

Polo tanto, esta programación debe ser tamén un instrumento flexible, que se adapte ao desenvolvemento cognitivo e musical dun alumnado de diferentes idades, que permita elixir entre diferentes camiños para chegar aos mesmos obxectivos, e que facilite a convivencia de diferentes estratexias pedagóxicas. Non obstante, é tamén unha guía dos obxectivos e contidos mínimos, unha referencia sobre os aspectos técnicos traballados e unha guía orientativa sobre un repertorio organizado en niveis.

5 Atención á diversidade

O profesorado do departamento porá especial atención nos seguintes aspectos:

A detección de alumnado con necesidades específicas, para o cal establecerá canles de comunicación cos pais ou titores legais e recadará toda a información dispoñible a través dos orientadores do ensino obrigatorio.

Elaboración de adaptacións curriculares para o alumnado con necesidades pedagóxicas especiais. Para isto deberá informar á xefatura de estudos e someterse ao criterio da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Metodoloxía diferenciada para este tipo de alumnado, que deberá ter en conta as características específicas de cada caso

6 Temas transversais

6.1 Educación en valores

As aulas individuais permiten un tempo e un tratamento co alumnado que nos facilitan traballar múltiples aspectos ao longo do curso de forma progresiva e transversal. Ao longo dos meses, ben sexa por aspectos concretos do repertorio ou por calquera tipo de actividade serán tratados os seguintes temas transversais:

Xeografía e Medio Ambiente

Historia - Socioloxía

Educación para a paz



Igualdade de xéneros

6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Os/as docentes do departamento empregarán as tecnoloxías da información e comunicación que ofrece o centro na medida en que o consideren necesario ou proveitoso para o curso e nivel do alumnado. Por outra banda, e dentro dos contidos impartidos nas aulas individuais, orientarán ao alumnado sobre aquelas ferramentas que poidan ser de maior utilidade para a materia impartida, poñendo especial atención nun uso responsable e ético das mesmas.

A este respecto, e debido ás modificacións introducidas no curso 2018-19 nas Normas de Organización e Funcionamento, non se permitirá ao alumnado o uso do móbil nin dispositivos electrónicos equivalentes nas aulas, así como calquera tipo de aplicacións que recopilen datos sobre o alumnado, a excepción de CENTROSNET e TOKAPP. Si se recoñece nesta programación a facultade de que o profesorado empregue Youtube, Spotify, iTunes (ou calquera reproductor audiovisual), navegadores de internet, afinadores e metrónomos dixitais e calquera outra ferramenta que considere necesaria para o desenvolvemento das clases e o traballo cotiá, sempre que non teña acceso aos datos persoais do alumnado. Polo tanto, quedan excluídas as bases de datos e similares. Para calquera dúbida, deben consultarse as Normas de Organización e Funcionamento.

6.3 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O Departamento de Guitarra organiza dentro das súas actividades ordinarias, actividades culturais e de promoción do instrumento e a súa cultura, entre as que destacan:

- Curso ou masterclass con guitarristas alleos ao centro.
- Concertos de profesionais da guitarra dentro do conservatorio.
- Concertos de alumnos/as dentro e fóra do conservatorio.
- *Exposición de guitarras, conferencias, e outras actividades de similares características.*

Durante o curso 20/21 según a orde EFP/365/2020 todas estas actividades quedan canceladas.



7 Secuenciación dos cursos

7.1 Curso: 5º de Grao Profesional

7.1.1 Obxectivos

Profundar en aspectos relacionados coa interpretación, articulación, fraseo, dixitación e fidelidade ao estilo tratando de adaptar os coñecementos técnicos e musicais aos diferentes estilos.

Desenvolver un axeitado nivel de lectura a primeira vista de partituras de carácter solista, música de cámara ou como acompañante.

Coidar ao máximo a calidade do son, utilizando as uñas e empregando adecuadamente as diferentes formas de pulsación. Será obrigatorio dispor de uñas en perfecto estado.

Dispor dunha guitarra de calidade con cordas novas. Tamén pé, limas, atril, pestana e diapasón.

Ler a primeira vista partituras polifónicas cunha correcta interpretación das voces, dinámicas, repeticións, ornamentos e demais indicacións da partitura. Desenvolver a capacidade de buscar solucións de dixitación para a repentización acorde ao curso académico.

Desenvolver o emprego dos diferentes aspectos (dinámica, articulación, cor, vibrato e rubato) utilizándoos adecuadamente na interpretación das diferentes pezas.

Afinar correctamente a guitarra usando diferentes procedementos.

Desenvolver a capacidade de analizar a estrutura dunha obra a primeira vista: as súas seccións, repeticións, melodía, acompañamento, tema principal, etc.

Coñecer de forma solvente o repertorio do instrumento a través da lectura de partituras.

Coñecer de forma solvente a historia da Guitarra: compositores, literatura, formas, estilos e a evolución organolóxica deste instrumento.

Improvisar sobre estruturas harmónicas de media dificultade.

Coñecer e practicar o baixo cifrado nas súas diferentes tipoloxías.

7.1.2 Contidos

Lectura de partituras con dificultade gradual atendendo aos seguintes criterios: número de voces, complexidade rítmica, tonalidade, posición no diapason da guitarra e dificultade de dixitación.

Realización de análises formais e harmónicas a primeira vista.

Exercicios de lectura anticipada

Análise do estilo e a época como método para adaptar a interpretación.

Exercicios harmónicos e de transporte.

Desenvolvemento da improvisación melódica.

Exercicios de transporte melódico.

Lectura de diferentes partes de obras camerísticas.



Iniciación aos diferentes tipos de baixo cifrado.

7.2 Avaliación

7.2.1 Criterios de avaliación

Amosar interese pola materia, asistir regularmente e cumprir co traballo semanal encomendado.

Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso.

Demostrar un nivel de solvencia na lectura a primeira vista e estratexias para vencer as dificultades.

Aplicar os coñecementos adquiridos ata o momento e aplicalos na realización dos exercicios: análise formal, harmónica, transporte, improvisación.

7.2.2 Mínimos esixibles

Primeira avaliación

- a) Dominio das notas do diapasón ata a VII posición
- b) Destreza na lectura de tonalidades de ata 2 bemois
- c) Dominio do transporte por intervalos de segundas

Segunda avaliación

- a) Dominio das notas do diapasón ata IX posición
- b) Destreza na lectura de tonalidades de ata 2 sostenidos
- c) Soltura no transporte melódico por intervalos de terceiras
- d) Iniciación á improvisación melódica

Terceira avaliación

- a) Dominio das notas do diapasón ata X posición
- b) Destreza na lectura de tonalidades ata 4 sostenidos
- c) Transporte melódico por intervalos de terceiras e cuartas
- d) Iniciación ao baixo cifrado

7.2.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Avaliación inicial que será reflectida polo docente no caderno de seguemento.

Participación activa nas clases individuais.

Seguemento semanal do traballo proposto polo docente, da realización dos exercicios realízanos na aula e do progreso nas destrezas traballadas.

Participación activa nas actividades organizadas polo departamento e o centro.

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o docente da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar de xeito continuo por causa das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocar o interesado/a para unha única proba de carácter instrumental na semana de



exames previa a todas as sesións de avaliación. O alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, como mínimo. Será o criterio do docente o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na realización dunha serie de exercicios que sexan representativos do traballo normal do trimestre e que permitan avaliar os obxectivos e contidos mínimos correspondentes.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

Desenvolvemento técnico co instrumento; pulsación, dixitación e claridade na execución: 25%

Desenvolvemento interpretativo; fraseo, dinámicas, articulacións e adecuación ao estilo: 25%

Integración e asimilación dos coñecementos adquiridos noutras materias: 25%

Asimilación, comprensión e traballo coas diferentes facetas desta materia: 25%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

7.2.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación segundo o sistema de avaliación continua son os seguintes:

Demostrar a capacidade interpretativa corresponde ao curso académico: 25 %

Mostrar un desenvolvemento técnico acorde co nivel requirido para o curso: 25%

Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a: 25 %

Participar activamente nas clases e manter unha actitude correcta: 25 %

7.3 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co/a alumno/a en cuestión, e estará reservada para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso en que está matriculado/a pode ser un problema no desenvolvemento da aprendizaxe e cando se considere que esta ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do resto do curso ao que pretende ampliar.

Para que sexa aceptada, deberá ser comunicada polo titor á xefatura de estudos, quen decidirá os prazos e as formas para consultar ao resto do profesorado implicado. É necesaria a unanimidade deste profesorado para a concesión dunha ampliación de matrícula. É necesaria a superación de todas as materias para a ampliación de matrícula.

Os contidos, obxectivos e criterios de avaliación que o candidato/a ten que cumprir na materia Repentización e Acompañamento para a ampliación de matrícula son os que reflicte esta programación para o curso que corresponda e serán avaliados nunha proba fixada coa suficiente antelación sobre exercicios preparados polo docente. Esta proba será cualificada de 1 a 10 puntos, sendo positiva a partir de 5 puntos.



7.4 Medidas de recuperación

O profesor/a fará unha proposta de traballo específica para as materias pendentes que teña cada alumno ou alumna. En todo caso, a avaliación dunha materia pendente deberá ter en conta sempre os obxectivos, contidos e criterios de avaliación fixados pola programación para o curso correspondente.

7.5 Procedementos de recuperación ordinarios

O profesor/a propondrá, de maneira individualizada, as actividades, exercicios e plan de traballo que estime oportunos para a recuperación da materia pendente

Se fose necesario, e sempre que as condicións horarias do docente e a organización do centro o permitan, poderanse programar horas de reforzo.

Participación nos recitais de alumnos organizados polo departamento.

7.6 Probas extraordinarias de setembro

As probas extraordinarias de setembro están previstas para o alumnado que non superou a materia, tanto mediante a avaliación continua como polo exame final de xuño. As datas de realización das probas serán publicadas polo centro e terán lugar na primeira quincena de setembro.

Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación serán os que rixan para o curso correspondente, e poden consultarse nesta programación. Soamente se adaptarán aqueles criterios de avaliación que teñan que ver coa asistencia a clase ou o aproveitamento das mesmas, ou a participación nas actividades polas características desta convocatoria. As porcentaxes correspondentes a estes criterios de cualificación que non proceden repartiranse de xeito igualitario entre os que si o fagan. É dicir, na convocatoria de setembro para esta materia os criterios de cualificación serán os seguintes:

Demostrar a capacidade interpretativa corresponde ao curso académico: 50 %

Mostrar un desenvolvemento técnico acorde co nivel requirido para o curso: 50%

Recoméndase que o alumnado se poña en contacto co profesor/titor coa suficiente antelación para aclarar calquera dúbida sobre as mesmas.

7.7 Recursos didácticos

Repertorio básico da materia Guitarra corresponde aos cursos	1º-3º de Grao Profesional
Progressive reading for guitarist. Ed. Ricordi, 2006	Dogson, Stephen
Sight reading for the classical guitar (Levels 1-3). Ed. Alfred, 2002	Benedict, Robert
Elijo mis obras (vol. 2-3). Ed. Donostiarra, 1999	Gamazo, Raquel



7.8 *Curso: 6º de Grao Profesional*

7.8.1 **Obxectivos**

Profundar en aspectos relacionados coa interpretación, articulación, fraseo, dicitación e fidelidade ao estilo tratando de adaptar os coñecementos técnicos e musicais aos diferentes estilos.

Desenvolver un axeitado nivel de lectura a primeira vista de partituras de carácter solista, música de cámara ou como acompañante.

Coidar ao máximo a calidade do son, utilizando as uñas e empregando adecuadamente as diferentes formas de pulsación. Será obrigatorio dispor de uñas en perfecto estado.

Dispor dunha guitarra de calidade con cordas novas. Tamén pé, limas, atril, pestana e diapasón.

Ler a primeira vista partituras polifónicas cunha correcta interpretación das voces, dinámicas, repeticións, ornamentos e demais indicacións da partitura. Desenvolver a capacidade de buscar solucións de dicitación para a repentización acorde ao curso académico.

Desenvolver o emprego dos diferentes aspectos (dinámica, articulación, cor, vibrato e rubato), utilizándoos adecuadamente na interpretación das diferentes pezas.

Afinar correctamente a guitarra usando diferentes procedementos.

Desenvolver a capacidade de analizar a estrutura dunha obra a primeira vista: as súas seccións, repeticións, melodía, acompañamento, tema principal, etc.

Coñecer de forma solvente o repertorio do instrumento a través da lectura de partituras.

Coñecer de forma solvente a historia da Guitarra: compositores, literatura, formas, estilos e a evolución organolóxica deste instrumento.

Improvisar sobre estruturas harmónicas de media dificultade.

Coñecer e practicar o baixo cifrado nas súas diferentes tipoloxías.

7.8.2 **Contidos**

Lectura de partituras con dificultade gradual atendendo aos seguintes criterios: número de voces, complexidade rítmica, tonalidade, posición no diapasón da guitarra e dificultade de dicitación.

Realización de análises formais e harmónicas a primeira vista.

Exercicios de lectura anticipada

Análise do estilo e a época como método para adaptar a interpretación.

Exercicios harmónicos, de transporte e improvisación.

Desenvolvemento da improvisación melódica.

Exercicios de transporte melódico e harmónico.

Lectura de diferentes partes de obras camerísticas.

Realización dos diferentes tipos de baixo cifrado.



7.9 Avaliación

7.9.1 Criterios de avaliación

Amosar interese pola materia, participar activamente e cumprir co traballo semanal encomendado.

Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso.

Demostrar un nivel de solvencia na lectura a primeira vista e estratexias para vencer as dificultades.

Aplicar os coñecementos adquiridos ata o momento e aplicalos na realización dos exercicios: análise formal, harmónica, transporte, improvisación.

7.9.2 Mínimos esixibles

Primeira avaliación

- a) Dominio das notas do diapasón ata a XII posición
- b) Destreza na lectura de tonalidades de ata 3 bemois
- c) Dominio do transporte por intervalos de segundas e sextas

Segunda avaliación

- a) Dominio das notas do diapasón ata XIV posición
- b) Destreza na lectura de tonalidades de ata 5 bemois
- c) Soltura no transporte melódico por intervalos de sétimas
- d) Demostración de dominio das técnicas para preparar a improvisación sobre un estándar

Terceira avaliación

- a) Dominio de todas as notas do diapasón
- b) Destreza na lectura de todas as tonalidades
- c) Transporte de melodía con acompañamento harmónico
- d) Realización solvente de exercicios de baixo cifrado

7.9.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Avaliación inicial na primeira sesión do curso, que será reflectida no caderno de seguemento polo docente.

Participación activa nas clases individuais e colectivas do instrumento.

Seguemento semanal do traballo proposto polo docente, da realización dos exercicios realízanos na aula e do progreso nas destrezas traballadas.

Participación activa nas actividades organizadas polo departamento e o centro.

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o docente da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar de xeito continuo por causa das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocar o interesado/a para unha única proba de carácter instrumental na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. O alumno ou alumna será convocado para dita proba



cunha semana de antelación, como mínimo. Será o criterio do docente o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na realización dunha serie de exercicios que sexan representativos do traballo normal do trimestre e que permitan avaliar os obxectivos e contidos mínimos correspondentes.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

Desenvolvemento técnico co instrumento; pulsación, dixitación e claridade na execución: 25%

Desenvolvemento interpretativo; fraseo, dinámicas, articulacións e adecuación ao estilo: 25%

Integración e asimilación dos coñecementos adquiridos noutras materias: 25%

Asimilación, comprensión e traballo coas diferentes facetas desta materia: 25%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

7.9.4 Criterios de cualificación

Os criterios segundo o sistema de avaliación continua son os seguintes:

Demostrar a capacidade interpretativa corresponde ao curso académico: 25 %

Mostrar un desenvolvemento técnico acorde co nivel requirido para o curso: 25%

Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a: 25 %

Participar activamente nas clases e manter unha actitude correcta: 25 %

7.10 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

En sexto curso de Grao Profesional non se prevé a posibilidade de facer unha ampliación de matrícula. O alumnado que queira continuar estudos terá que realizar as probas de acceso a Grao Superior. Para isto, debido á disparidade nos criterios e na estrutura das probas, recoméndase consultar a web do centro ao que se pretende acceder.

7.11 Medidas de recuperación

O profesor/a fará unha proposta de traballo específica para as materias pendentes que teña cada alumno ou alumna. En todo caso, a avaliación dunha materia pendente deberá ter en conta sempre os obxectivos, contidos e criterios de avalización fixados pola programación para o curso correspondente.

7.12 Procedementos de recuperación ordinarios

O profesor/a propondrá, de maneira individualizada, as actividades, exercicios e plan de traballo que estime oportunos para a recuperación da materia pendente

Se fose necesario, e sempre que as condicións horarias do docente e a organización do centro o permitan, poderanse programar horas de reforzo.

Participación nos recitais de alumnos organizados polo departamento.



7.13 Probas extraordinarias de setembro

As probas extraordinarias de setembro están previstas para o alumnado que non superou a materia, tanto mediante a avaliación continua como polo exame final de xuño. As datas de realización das probas serán publicadas polo centro e terán lugar na primeira quincena de setembro.

Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación serán os que rixan para o curso correspondente, e poden consultarse nesta programación. Soamente se adaptarán aqueles criterios de avaliación que teñan que ver coa asistencia a clase ou o aproveitamento das mesmas, ou a participación nas actividades polas características desta convocatoria. As porcentaxes correspondentes a estes criterios de cualificación que non proceden repartiranse de xeito igualitario entre os que si o fagan. É dicir, na convocatoria de setembro para esta materia os criterios de cualificación serán os seguintes:

Demostrar a capacidade interpretativa corresponde ao curso académico: 50 %

Mostrar un desenvolvemento técnico acorde co nivel requirido para o curso: 50%

Recoméndase que o alumnado se poña en contacto co profesor/titor coa suficiente antelación para aclarar calquera dúbida sobre as mesmas.

7.14 Recursos didácticos

Repertorio básico da materia Guitarra corresponde aos cursos	1º-3º de Grao Profesional
Progressive reading for guitarist. Ed. Ricordi, 2006.	Dogson, Stephen
Sight reading for the classical guitar (Levels 1-3). Ed. Alfred, 2002.	Benedict, Robert
Elijo mis obras (vol. 2-3). Ed. Donostiarra, 1999.	Gamazo, Raquel



8 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Os procedementos para a avaliación son os seguintes:

Participación activa nas clases, con seguimento no caderno de aula.

Control do traballo semanal proposto polo profesor/a.

Participación activa nos recitais de alumnos/as organizados polo departamento.

Participación nos cursos e concertos de profesionais organizados polo departamento.

Participación no resto de actividades relativas á guitarra organizadas polo departamento.

Participación nas actividades organizadas polo centro.

O seguimento da programación didáctica farase mediante:

O seguimento individual de cada titor sobre os seus alumnos e alumnas

As reunións de departamento, que terán un punto específico para este seguimento

As sesións de avaliación

COVID19

Participación activa nos recitais de alumnos/as organizados polo departamento.

Participación nos cursos e concertos de profesionais organizados polo departamento.

Participación no resto de actividades relativas á guitarra organizadas polo departamento.

Participación nas actividades organizadas polo centro.

Durante o curso 20/21 e segundo a orde EFP/365/2020 isto non poden ser impartido. Se en algún momento do curso desaparecen as restricións mencionadas na orde o departamento de guitarra retomará a súa posta en práctica.

9 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Os procedementos polos que o departamento fará a autoavaliación son os seguintes:

Enquisas proporcionadas polo propio centro ao alumnado e que serven para detectar o grao de satisfacción, detectar problemas e achegar queixas ou suxestións.

As reunións de departamento, en que se debate o funcionamento e a coordinación do mesmo, así como as incidencias producidas nas materias impartidas

A memoria final do departamento, que integra as memorias individuais que entregan os seus compoñentes.



10 ANEXOS

10.1 Probas de acceso a 6º curso de grao profesional

O único caso en que esta materia pode ser obxecto de exame nunha proba de acceso sería no caso de alumnado que pretenda acceder mediante proba a 6º curso de Grao Profesional. Polo tanto, examínase da materia correspondente ao 5º curso.

Os contidos, obxectivos e criterios de avaliación que o candidato/a ten que cumprir na materia Repentización e Acompañamento para a ampliación de matrícula son os que reflicte esta programación para quinto curso e serán avaliados nunha proba fixada coa suficiente antelación sobre exercicios preparados polo docente.

Os criterios de cualificación desta proba serán os seguintes:

Desenvolvemento técnico co instrumento; pulsación, dixitación e claridade na execución: 25%

Desenvolvemento interpretativo; fraseo, dinámicas, articulacións e adecuación ao estilo: 25%

Integración e asimilación dos coñecementos adquiridos noutras materias: 25%

Asimilación, comprensión e traballo coas diferentes facetas desta materia: 25%

A proba será cualificada cunha nota entre 1 e 10, sendo positiva se o resultado é igual ou maior a 5. Para que o acceso a sexto curso sexa aprobado, o candidato deberá superar todas as materias das que se examina.

10.2 Criterios para a obtención do Premio Fin de Grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e Premio de Fin de Grao para as ensinanzas de música e danza, este premio concederáse ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do Premio Fin de Grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na páxina web.

Departamento de Guitarra

Curso 2020-2021

Conservatorio Profesional de Música Santiago de Compostela